

## **ADMINISTRACIÓN LOCAL**

### **MUNICIPAL**

### **PONTEVEDRA**

#### **Outros documentos, notificacións e informacións públicas**

*DECRETO DE ALCALDÍA DE REMISIÓN AO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO NÚM. 3 DE PONTEVEDRA DOS EXPEDIENTES RELATIVOS AO PROCEDIMENTO ORDINARIO 330/2020. DEMANDANTE: COLEGIO INGENIEROS DE CAMINOS, CANALES Y PUERTOS*

#### *ANUNCIO*

O Alcalde, en data 14/01/2021, ditou o seguinte Decreto:

#### *“DECRETO DA ALCALDÍA*

*ASUNTO: REMISIÓN AO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO NÚM. 3 DE PONTEVEDRA DOS EXPEDIENTES ADMINISTRATIVOS RELATIVOS AO PROCEDIMENTO ORDINARIO 330/2020, DERIVADO DA INTERPOSICIÓN DO RECURSO CONT-ADTIVO CONTRA O ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 13/10/2020 DE DESESTIMACIÓN DO RECURSO INTERPOSTO CONTRA O ANUNCIO POLO QUE ELEVOUSE A DEFINITIVO O ACORDO DE APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA RPT DO CONCELLO DE PONTEVEDRA E O SEU ORGANISMO AUTÓNOMO (EXPEDIENTES: 2020/RPT/003+2020/RECPER/37). RECURSO INTERPOSTO POLO COLEGIO DE INGENIEROS DE CAMINOS, CANALES Y PUERTOS.*

Visto o requirimento do Xulgado do Cont.-Administrativo núm. 3 de Pontevedra, mediante o que se reclama a remisión dos expedientes administrativos relacionado co recurso interposto polo Colegio de Ingenieros de Caminos, Canales y Puertos, resultan relevantes os seguintes:

#### *ANTECEDENTES*

O día 28/12/2020, con rexistro de entrada nº 2020050081, tivo entrada oficio do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, polo que se requiría a remisión dos expedientes administrativos relativos ao acordo da Xunta de Goberno Local de 13/10/2020 de desestimación do recurso interposto contra o anuncio de elevación a definitivo do acordo de aprobación inicial da modificación da RPT do Concello de Pontevedra e o seu Organismo Autónomo, impugnado mediante recurso interposto polo Colegio de Ingenieros de Caminos, Canales y Puertos, P.O. 330/2020 (expedientes 2020/RPT/003+2020/RECPER/37 ).



Luns, 1 de febreiro de 2021

Núm. 20

*FUNDAMENTOS XURÍDICOS*

1.- De acordo co artigo 49 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa, a resolución pola que se acorda remitir o expediente se lle notificará, nos cinco días seguintes da súa adopción, a cantos aparezan como interesados nel, emprazándolles para que poidan personarse como demandados no prazo de nove días.

2.- Correspóndelle ao Alcalde dirixir o goberno e administración municipal ostentando, así mesmo, aquela competencia, considerada de carácter residual, de conformidade co disposto no artigo 124.4 b) da Lei 7/85, de 2 de abril reguladora das bases do réxime local na súa redacción dada pola Lei 57/2003 de modernización do Goberno Local e no artigo 13.2 b) do Regulamento Orgánico do Goberno e da Administración do Concello de Pontevedra.

3.- O artigo 124.4 l) da Lei 7/85 reguladora das bases do réxime local e o artigo 13.2 l) do Regulamento orgánico do Goberno e da Administración do Concello de Pontevedra, atribúen á alcaldía o exercicio de accións xudiciais e administrativas, a defensa do Concello nas materias da súa competencia e, no caso de urxencia, en materias de competencia do Pleno, debendo neste suposto, dar conta ao Pleno na primeira sesión que celebre para a súa ratificación.

Atendendo aos antecedentes e fundamentos xurídicos expostos esta Alcaldía, no exercicio das súas atribucións,

*RESOLVE*

1.- Remitir ao Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 3 de Pontevedra, os expedientes administrativos 2020/RPT/003+2020/RECPER/37 RELATIVOS AO ACTO IMPUGNADO EN RELACIÓN COA INTERPOSICIÓN DO RECURSO CONT-ADTIVO CONTRA o acordo da Xunta de Goberno Local de 13/10/2020 de desestimación do recurso interposto contra o anuncio de elevación a definitivo do acordo de aprobación inicial da modificación da RPT do Concello de Pontevedra e o seu Organismo Autónomo (P.O. 330/2020). RECURSO INTERPOSTO POLO COLEGIO OFICIAL DE INGENIEROS DE TELECOMUNICACIÓN.

2.- Publicar no Boletín Oficial da Provincia (BOP) a interposición do recurso contencioso-administrativo, emprazándolles para que, de estimalo procedente, poidan comparecer e constituírse en parte no prazo de nove días, contados dende o día seguinte a publicación.

Así o dispón e asina o Excmo. Sr. Alcalde, do que eu, Secretario da Administración Municipal do Excmo. Concello de Pontevedra, dou fe.”

